



CONVENIO PARA O FUNCIONAMENTO E A RESERVA DE PRAZAS PARA ALUMNADO NO CENTRO NEUROPSICOPEDAGÓXICO “O PELOURO”, DURANTE O CURSO 2016-2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e dona María Teresa Ubeira Santoro, titular do centro neuropsicopedagógico O Pelouro, formalizan o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende o 31 de agosto de 2016 ata o 31 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto que continúe o funcionamento do centro neuropsicopedagógico O Pelouro e, polo tanto, a atención educativa e reserva de prazas para alumnado con trastornos de personalidade e de conduta, durante o curso escolar 2016-2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina fundaméntase no seguinte:

O centro neuropsicopedagógico O Pelouro é pioneiro no campo da integración de alumnos con necesidades educativas diversas, desenvolvendo desde 1973 a coeducación de escolares con e sen minusvalías mediante unha educación completa e integral da persoa, baseada na súa diversidade.

Coa finalidade de continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados nel e cumprir o establecido no Decreto 191/1988, do 21 de xullo (Diario Oficial de Galicia do 8 de agosto), que dispón, no artigo 2, que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria subscribirá un convenio co centro onde se contemple a autorización dun réxime especial de funcionamento, así como a dotación económica para sufragar os gastos que comporta o mesmo, en todos aqueles aspectos que redunden no bo funcionamento do centro, formalízase o convenio que nos ocupa.

Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto no Decreto 191/1988, do 21 de xullo, non é posible promover a concorrência pública, polo que para a tramitación deste convenio debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

